



**Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia**

MD85PRO01

Programación

Centro: CMUS Profesional de Santiago de Compostela

Materia/disciplina: ORQUESTRA E BANDA

Curso: 2023 - 2024





Índice

1	Introdución.....	3
2	Metodoloxía.....	5
3	Atención á diversidade.....	6
4	Temas transversais.....	6
	4.1. Educación en valores.....	6
	4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).....	6
5	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	7
6	Secuenciación do curso.....	8
	6.1. Curso: Dende 1º a 6º de Grao profesional.....	8
7	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	16
8	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	17
9	ANEXOS.....	18
	9.1. Probas de acceso 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de grao profesional.....	18
	9.2. Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	19
	9.3. Repertorio orientativo.....	19
	9.4. Rúbricas de avaliación.....	22

1 Introducción

• Xustificación

O proceso de ensino e aprendizaxe das diversas especialidades instrumentais ten forzosamente un marcado carácter individual. Por iso o currículo debe albergar materias que transcendan este compoñente unipersonal da práctica musical e introduzan elementos colectivos. A práctica instrumental resulta así entendida non só como a adquisición dunha complexa técnica e a progresiva formación duns criterios musicais propios, senón tamén como unha ferramenta de relación social e de intercambio de ideas entre os propios instrumentistas.

A materia de orquestra ten por principal finalidade equilibrar en certa medida a compoñente eminentemente solística da formación musical regrada, facilitando a participación de todo o alumnado en agrupacións coma a orquestra ou a banda, ou, de ser o caso, o conxunto que corresponda, o que fai desta materia un dos piares fundamentais sobre o que se asenta o currículo do Grao Profesional de Música. Amáis, a participación nestas agrupacións supón e garante a presenza activa do alumnado nas actividades que poden implicar unha maior proxección tanto na súa formación coma na participación promoción de actividades culturais que organiza o centro dentro da programación cultural da cidade. Ademais tamén supón un achegamento a un dos ámbitos profesionais de maior relevancia dentro do mundo da interpretación musical.

• Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- Instrucións do 31 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2020-2021. ORDE do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- ORDE do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- CIRCULAR 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.

- ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- DECRETO 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- ORDE do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- ORDE do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- DECRETO 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- CIRCULAR 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

- **Outros aspectos da aplicación práctica desta programación**

Esta materia impartirase en diferentes agrupacións instrumentais creadas para tal fin polo centro e que, neste curso, son as seguintes:

- **Orquestra Xuvenil** (de 1º a 2º de Grao Profesional)
- **Orquestra Sinfónica** (de 3º a 6º de Grao Profesional)
- **Banda Xuvenil** (de 1º a 3º de Grao Profesional)
- **Banda Sinfónica** (de 4º a 6º de Grao Profesional)
- **Big Band** (materia optativa de 5º e 6º Grao Profesional)

As indicacións en canto aos cursos do alumnado de cada unha das agrupacións é de carácter orientativo xa que debe primar a distribución do alumnado segundo o cadro de persoal necesario en cada unha delas, así coma evitar posibles problemas por acumulación ou deficiencia de alumnado dunha mesma especialidade nun mesmo curso.

O profesor titular da materia será en todo caso o director titular de cada unha das agrupacións. Isto non quere dicir que non poidan participar nas agrupacións outros profesores coma profesores asistentes ou que outros directores (tanto profesores do centro coma externos ao mesmo) asuman de maneira puntual, baixo a supervisión do profesor titular da mesma e coa aprobación do equipo directivo, a dirección de algunha das agrupacións,

sempre que exista unha xustificación estritamente académica e na procura dunha formación máis completa e de maior calidade.

Amais buscarase na medida do posible a participación das agrupacións anteriormente citadas en actividades conxuntas coas agrupacións musicais de carácter profesional da cidade, coma un complemento á formación do alumnado.

2 Metodoloxía

A materia de Orquestra presenta a particularidade de ter na mesma aula a alumnado de varias especialidades instrumentáis e de cursos diferentes do Grao Profesional, por tanto con diferentes estados evolutivos e niveis instrumentáis. Isto débese ter en conta á hora de establecer unha metodoloxía válida e axeitada para cada agrupación, xa que evidentemente, o repertorio a preparar na clase é común a todo o alumnado de cada grupo.

- Os principios metodolóxicos xerais da materia son:
 - Principios de **actividade e participación**: daremos ao alumnado un papel activo no seu aprendizaxe (investigación, descubrimento guiado, resolución de problemas...), o dos seus compañeiros (ensinanza mutua, traballo en grupos cooperativos...) e a avaliación dos mesmos (autoavaliación e coavaliación). Trataremos de facer partícipes da sesión a todo o alumnado en todo momento, para iso evitaremos as actividades eliminatorias e con largas esperas.
 - Principios de **motivación e autoestima**: no comezo e final das sesións procuraremos realizar una explicación ou reflexión de carácter motivante, que leve aos alumnos/as a una situación que facilite a súa maior implicación no proceso de ensino – aprendizaxe. Reforzaremos positivamente as actitudes e execucións correctas, orientaremos as non o sexan mediante distintos mecanismos de feedback nas que poidan apreciar a súa mellora, desenvolvendo así a súa autoestima.
 - Principios de **aprendizaxes significativos**: de acordo ca concepción constructivista do aprendizaxe partiremos dos coñecementos previos sobre os contidos da materia (avaliación inicial) e as relacións entre eles e os de outras materias (intradisciplinares), téndoos en conta á hora de trazar un camiño (temporalización) e unhas estratexias apropiadas co fin de acadar os obxectivos previstos.
 - Principios de **globalización**: o tratamento dos contidos obxecto do aprendizaxe estruturase de forma interrelacionada dentro de cada curso (contidos abordados por bloques) e entre os diferentes cursos (tratamento en espiral dos contidos, profundizando no seu desenvolvemento respecto aos cursos precedentes respectando así a evolución do alumno/a e o seu aprendizaxe). Principios de **personalización e atención á diversidade**: para o deseño desta PD tívose en conta a heteroxeneidade de cada agrupación – clase. Nesta mesma líña, adaptárase a actuación docente en función dos diferentes ritmos de traballo e aprendizaxe (traballos por grupos de nivel,

actividades de reforzo desenvolvidas en paralelo á sesión tipo, actividades de ampliación, uso de estratexias analíticas...).

- Principios de **interacción**: fomentárase a interacción positiva entre todos os participantes do proceso de aprendizaxe: alumno – alumno (traballo en grupo, ensinanza mutua, coavaliación...), alumno – profesor (debate, descubrimento guiado, análise de resultados, reflexións, reforzos...) e procuraremos a implicación das familias no proceso educativo (acción tutorial).

3 Atención á diversidade

As medidas que se levarán a cabo para a atención á diversidade atópanse detalladas no Plan de atención á diversidade do centro, dispoñible na súa páxina web.

4 Temas transversais

O tratamento de contidos transversais é imprescindible para a formación integral dos alumnos e alumnas. Representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade. Son contidos de ensinanza esencialmente actitudinais que responden a problemas e realidades directamente relacionados coa vida cotiá de actualidade no ámbito social e que pola súa trascendencia demandan un tratamento educativo.

4.1. Educación en valores

A Educación Musical, debido ao seu carácter aberto e participativo, é unha área privilexiada para a incorporación dos temas transversais como Educación para a igualdade de oportunidades entre ámbolos sexos, educación para a saúde, educación para o ocio, educación ambiental, educación para a paz e educación do consumidor. Ademais, ao longo do curso o Centro organiza periodicamente actividades nas que todos estes aspectos están moi presentes, falamos de actuacións, intercambios con outros conservatorios, conferencias, cursiños, e, principalmente, de concertos solidarios en favor de diferentes institucións comprometidas coa nosa sociedade.

4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A aplicación da tecnoloxía da información e comunicación (TIC) e as Novas Tecnoloxías levounos a unha nova revolución, permitindo un crecemento enorme, evolución e perfeccionamento do proceso creativo musical. Non obstante, faise necesario regulalas, e, seguindo a normativa do noso centro, establecemos o seguinte regulamento:

1. Non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquera outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice e sexa con fins didácticos.
2. Non se permite o uso na aula ou fora dela de ningún programa ou aplicación informática que recopile ou faga uso de calquera dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguemento) agás CENTROSNET, e a súas aplicacións para dispositivos móbiles, ou calquera outro establecido e/ou autorizado pola consellería.
3. Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recopile nin faga uso de calquera dato do alumnado (metrónomo, afinador, etc.).
4. Para o uso de calquera outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recopile ou faga uso de algún dato de carácter persoal ou referente ao seguemento ou avaliación do alumnado, deberáse pedir autorización expresa a cada alumno ou alumna, ou aos seus titores legais, de ser o caso.
5. No caso de que o profesorado ou o alumnado precisen facer uso do móbil ou de calquera outro dispositivo electrónico semellante nas aulas por algún motivo de forza maior e xustificable, deberá pedirse autorización á Dirección do Centro.

É probable que en moitas ocasións se recorra a materiais audiovisuais, tanto videos coma audios, para complementar a modo de exemplos prácticos o tratado en cada unha das sesións de clase. Así mesmo, se se estima convinte, achegaráselle ao alumnado material en formato electrónico (textos, gráficos, etc.) que poida axudar á comprensión de calquera dos contidos ou poida complementalos, recomendar á escoita de grabacións polos medios dos que se dispoña (spotify, youtube...) e tamén poderáse facer uso dunha aula virtual da materia, a criterio do profesor.

O profesorado pode facer uso do formato dixital para rexistrar as anotacións das sesións de clase nos cadernos de aula do alumnado mediante un ordenador ou tableta.

5 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Fomentarase a asistencia do alumnado a concertos, cursos, clases de reforzo, conferencias, etc. que xurdan tanto dentro coma fora do centro, sobre todo das relacionadas ou que poidan ser de interese para a materia.

Así mesmo intentarase, na medida do posible, participar nas actividades organizadas polo Departamento de Conxunto, no que se adscribe a Materia de Música de Cámara, ou mesmo polo Centro, que poidan ser de proveito para o alumnado, ou de promoción da materia ou das ensinanzas ofertadas no centro, a través de concertos públicos, audicións, etc.

En calquera caso as actividades complementarias e extraescolares que organice o Centro, ou nas que participe activamente, relacionadas ou non con esta materia, serán definidas ao comezo de cada curso dentro do Programa de Actividades Culturais e de Promoción das Ensinanzas.

6 Secuenciación do curso

6.1. Curso: Dende 1º a 6º de Grao profesional

Tanto os obxectivos coma os contidos e os criterios de avaliación e de cualificación que se enumeran a continuación son comúns a todos os cursos (de 1º GP ata 6º GP) nos que se imparte esta materia, o que si cambia, obviamente, é o grao de logro esixido para cada un deles en función do curso ao que se apliquen.

6.1.1. Obxectivos

- Interpretar obras representativas do repertorio de orquestra ou banda de acordo co seu nivel instrumental.
- Dominar o propio instrumento de acordo coas esixencias do repertorio e en función do nivel de curso: Afinar correctamente tanto de forma individual coma colectiva. Tocar con corrección rítmica, de lectura e de articulación tanto de forma individual coma colectiva.
- Controlar a sonoridade, o timbre e a dinámica tanto de forma individual coma colectiva. Utilizar unha ampla e variada gama sonora, de maneira que o axuste de son se realice en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades interpretativas da obra.
- Dominar con certa corrección o fraseo tanto na interpretación individual coma colectivamente acorde ao indicado polo director/a. Tomar consciencia da importancia da unificación de criterios en canto ao fraseo e carácter dentro da interpretación orquestral e de conxunto instrumental.
- Coñecer e saber reaccionar correctamente aos xestos do director/a e as súas indicacións en canto a tempo, dinámica, agónica, fraseo, articulación, etc. Elaborar criterios persoais e razoados sobre cuestións estéticas a través do traballo do director/a e da experiencia do grupo que lle permitan cumprir coa súa responsabilidade como intérprete dentro deste.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista. Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- Amosar una actitude positiva ante a materia así coma interese pola adquisición de novos coñecementos. Valorar a práctica en grupo como un proceso de aprendizaxe imprescindible para o futuro exercicio profesional.
- Ser consciente da importancia que teñen as normas e regras internas que rexen a actividade musical en calquera agrupación: realizar una afinación previa, manter a atención de forma continua, valorar positivamente o traballo colectivo e dos compañeiros, manter unha actitude correcta e educada durante as explicacións e/ou interpretación dos compañeiros, etc...

- Adquirir uns hábitos de estudo correctos que permitan un aproveitamento efectivo do traballo realizado en cada una das sesión de clase.
- Participar nas actividades e actuacións públicas da agrupación propostas para o curso coma fin lóxico do traballo realizado.

6.1.2. Contidos

- Importancia da afinación previa a partir do LA do óboe ou concertino.
- A anacruse como movemento básico da práctica do grupo.
- Desenvolvemento do oído para o control permanente da afinación dentro da agrupación.
- Adestramento permanente e progresivo da repentización tanto individual coma colectivamente.
- Dominio da precisión rítmica e da articulación tanto de modo individual coma colectivamente segundo o indicado polo director/a. Desenvolvemento da igualdade en ataques, golpes de arco, etc..
- Dominio da sonoridade, timbre e dinámica propia e do empaste dentro do grupo e corrección dos planos sonoros conforme ao indicado polo director/a.
- Iniciación á comprensión dende un punto de vista práctico das estruturas musicais nos seus distintos niveis e dominio e corrección do fraseo tanto de modo individual coma colectivamente acorde ao indicado polo director/a.
- Coñecemento da xestualidade básica na dirección musical: tempo, anacrusa, matices e planos sonoros, articulación, fraseo, carácter, etc.
- Coñecemento das normas básicas referentes á asistencia, puntualidade e actitude ante a materia.
- Coñecemento e adopción das normas de comportamento e prácticas habituais dentro das agrupacións instrumentais (afinación previa, atención continua, valoración positiva do traballo colectivo e dos compañeiros, actitude correcta e educada en cada una das sesión de clase – ensaio e nas actuacións públicas...)
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e apropiados. Estudo previo da particella, silencio e concentración para executar en todo momento as indicacións do director ou da directora, responsabilidade de anotar as indicacións, etc.
- Traballo por seccións. Valoración do silencio como marco da interpretación.
- Traballo gradual do repertorio básico máis significativo da agrupación.

6.1.3. Avaliación

A avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse pois procedementos e

ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliación será en todo caso **obxectiva**, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, **transparente**, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e **accesible**, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Avaliación Inicial

Nas primeiras semanas do curso, o profesorado realizará unha avaliación inicial para recoller datos sobre o alumnado, (características, nivel técnico, coñecementos previos, e datos persoais necesarios). O profesorado presentará unha proposta de repertorio para o curso.

Criterios de avaliación

- 1) Demostrar coñecemento e dominio suficiente da técnica do instrumento propio no repertorio traballado dentro da materia.
- 2) **Interpretar por seccións** calquera das obras programadas durante o curso. Capacidade para adecuar o propio son ao da familia correspondente e a precisión de ataques e entradas de acordo coa anacruse do director ou da directora.
- 3) **Reproducir as obras programadas durante o curso, reducindo a corda ao número mínimo posible do alumnado por cada sección dela.** Este criterio pretende avaliar a capacidade de escoita das outras partes, unificándose coas afíns, e o grao de afinación harmónica e do conxunto, unificando unísonos.
- 4) **Repentizar unha obra de pequena dificultade.** Este criterio pretende comprobar a integración rítmica no conxunto seguindo o tempo marcado polo director ou a directora, a precisión para reaccionar ante as súas indicacións, o dominio do seu instrumento e o grao de afinación na lectura a vista.
- 5) **Estudiar semanalmente a parte individual** correspondentes **das obras** do repertorio programado. Mediante este criterio preténdese avaliar o sentido da responsabilidade como membro dun grupo, a valoración que ten do seu papel dentro del e o respecto pola interpretación musical. Respetar en todo momento as normas básicas de funcionamento dunha agrupación.
- 6) Participar nas actividades e actuacións públicas nas que participe a agrupación, salvo ausencia motivada e xustificada debidamente. **Realizar concertos públicos coas obras ensaiadas.** Este criterio constata a actitude, necesariamente disciplinada do instrumentista na orquestra, a capacidade de asumir o papel asignado, a súa contribución dentro do equilibrio de planos do conxunto e a súa adecuación ao carácter e estilo que marca o director ou a directora.

Mínimos esixibles

1ª AVALIACIÓN

1. Ler fragmentos adecuados ao nivel do curso.
2. Amosar un traballo individual e de conxunto en canto a afinación, ritmo e articulación.
3. Amosar capacidade de adaptación ao grupo e reacción as indicación durante a interpretación.
4. Interpretar as obras/pezas traballadas no trimestre.

2ª AVALIACIÓN

1. Ler con fluidez fragmentos adecuados ao nivel do curso.
2. Amosar un traballo individual e de conxunto en canto a afinación, ritmo e articulación.
3. Amosar capacidade de adaptación ao grupo e reacción as indicacións durante a interpretación.
4. Interpretar en público as obras/pezas traballadas.

3ª AVALIACIÓN

1. Interpretar con corrección técnica e estilística apropiada, amáis dun equilibrio sonoro axeitado, o programa establecido polo profesor/a para o curso.
2. Amosar un control de reacción as indicacións durante a interpretación.
3. Interpretar en público as obras/pezas traballadas.

Procedementos e ferramentas de avaliación

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O Profesor/a valerase das seguintes ferramentas para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento de cada unha das sesións de clase.
- Seguimento do grao de estudo do repertorio
- Grao de participación e actitude en cada concerto e/ou audición.
- Probas puntuais de nivel, individuais ou en grupo, de calquer fragmento do repertorio a petición do profesor, se fose necesario.

Dada a importancia que a observación directa por parte do profesor ten nas ferramentas e procedementos de avaliación, o **profesor/a levará conta destes aspectos por escrito nun rexistro/diario de clase** do que será responsable el mesmo co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Na materia de **Banda Sinfónica** utilizaranse os seguintes procedementos e ferramentas de avaliación:

- Probas de repertorio. tendo en conta os criterios de cualificación, a nota trimestral será a media da nota obtida nas probas de obras traballadas, podendo ser os concertos o momento da realización da mesma.
- Control de aula: cando non se poda facer un seguimento adecuado, motivado polas ausencias a clase ou por a imposibilidade do profesor de identificar o traballo do alumno/a, farase un control de aula utilizando a rúbrica exposta nos anexos.

A avaliación continua na materia de banda sinfónica terá como soporte as ferramentas anteriores, realizándose ditas probas ao longo do trimestre.

Criterios de cualificación

- A) 20% CAPACIDADE DE ADAPATACIÓN DENTRO DA SECCIÓN: Amosar capacidade de escoita para adecuarse e integrarse na afinación, sonoridade, ritmo e articulación dentro da súa sección.
- B) 20% CAPACIDADE DE ADAPTACIÓN DENTRO DA AGRUPACIÓN: Amosar capacidade de escoita das outras partes para unificar sonoridades, afinación harmónica e unificación de ataques e articulacións.
- C) 30% TRABALLO INDIVIDUAL: Dominio técnico necesario do propio instrumento para interpretar as obras propostas na agrupación. Estudo semanal, gradual e progresivo do repertorio programado. Lectura a primeira vista.
- D) 30% INTERPRETACIÓN DO REPERTORIO PROGRAMADO: Amosar control e seguridade durante a interpretación. Reacción e seguimento as indicación do director/a. Precisión ritmica, sonora e estilística durante a interpretación e capacidade de reacción as posibles correccións.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), a disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá de demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha proba que consistirá en tres partes:

- Unha proba de coñecementos teóricos das obras que se están a traballar na agrupación durante o curso no que está matriculado.

- Unha proba de interpretación individual sobre fragmentos das obras que se están a traballar na agrupación durante o curso no que está matriculado.
- Unha proba de interpretación, dentro da agrupación correspondente, das obras que se están a traballar durante o curso no que está matriculado.

-Criterios de cualificación para a ampliación de matrícula:

- 1) **Proba de coñecementos teóricos:** proba escrita ou oral no que se demostre o coñecemento das obras propostas dos seus compositores e dos períodos artísticos nos que foron compostas e contribución ao aspecto artístico musical da interpretación. Para valorar esta proba debe presentarse un traballo escrito, unha exposición oral ou facer unha audición comentada. Esta parte puntuarase cun **20%** sobre a nota final da proba.
- 2) **Proba de interpretación individual:** Reproducir a parte correspondente das obras/movimentos/fragmentos propostas. Lectura a primeira vista dun pequeno fragmento adecuado ao seu nivel de curso. Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte seran os seguintes: técnica instrumental; afinación, sonoridade e dinámica; repentización e lectura, corrección rítmica, articulación e fraseo. Esta parte puntuarase cun **40%** sobre a nota final da proba.
- 3) **Proba de interpretación dentro da agrupación.** Interpretar as obras, movementos ou fragmentos das obras propostas utilizando xestos adecuados, empaste sonoro, afinación, dinámicas e articulación unificada ao grupo, reacción as indicacións do director/a e dos compañeiros da agrupación así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada. Esta parte puntuarase cun **40%** sobre a nota final da proba.

Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación serán os establecidos para o mesmo curso no que está. A proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.1.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para os alumnos que suspendan algunha das avaliacións parciais do presente curso, realizarase un plan de traballo específico, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén

influe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno ou alumna supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos esixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas.

Para os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo mais específico baseado na programación didáctica da materia e nos puntos que necesiten de unha mais grande mellora por parte do alumno ou alumna, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden a reforzar ditos aspectos. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos nos aspectos non superados en cursos anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén influe no nivel de consecución dos demais. No momento no que o/a alumno/a supere cada un dos obxectivos mínimos esixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrito, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá no seguinte:

- 1) **Proba de coñecementos teóricos:** proba escrita ou oral no que se demostre o coñecemento das obras traballadas ao longo do curso, dos seus compositores e dos períodos artísticos nos que foron compostas e contribución ao aspecto artístico musical da interpretación. Para valorar esta proba debe presentarse un traballo escrito, unha exposición oral ou facer unha audición comentada.
- 2) **Proba de Interpretación individual:** Execución da parte correspondente á súa voz, das obras, movementos o fragmentos programadas para o curso. Lectura a primeira vista dun pequeno fragmento adecuado ao seu nivel de curso.
- 3) **Proba de Interpretación dentro da agrupación:** Interpretar en conxunto coa agrupación correspondente as obras programadas durante o curso e seguindo as indicacións do director/a.

Os criterios de cualificación de dita proba serán:

- 1) **Proba de coñecementos teóricos:** Esta parte puntuarase cun 20% sobre a nota final da proba. Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte serán o coñecemento da obra, do compositor e do período artístico no que foi composta e contribución ao aspecto artístico musical da interpretación.
- 2) **Proba de Interpretación individual:** Esta parte puntuarase cun 30% sobre a nota final da proba. Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: Fluidez na lectura a primeira vista, técnica instrumental; afinación, sonoridade e dinámica; corrección rítmica, articulación e fraseo e criterio estético e estilístico.
- 3) **Proba de Interpretación dentro da agrupación:** Esta parte puntuarase cun 50% sobre a nota final da proba. Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: afinación, empaste sonoro e dinámico; repentización e lectura, corrección rítmica, articulación e fraseo; reacción as indicacións dos membros do grupo e das indicacións do director/a.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

O alumnado que non teña aprobada a materia durante as avaliacións do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma. Nela deberán demostrar o dominio sobre todos os contidos mínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá en:

- 1) **Proba de coñecementos teóricos:** proba escrita ou oral no que se demostre o coñecemento das obras traballadas ao longo do curso, dos seus compositores e dos períodos artísticos nos que foron compostas e contribución ao aspecto artístico musical da interpretación. Para valorar esta proba debe presentarse un traballo escrito, unha exposición oral ou facer unha audición comentada. Esta parte puntuarase cun **20%** sobre a nota final da proba.
- 2) **Proba de lectura a primeira vista** de obras ou fragmentos correspondentes ao nivel técnico do curso. O valor desta proba será dun **30%** sobre a nota final.

3) **Proba de Interpretación:** O alumnado interpretará da particella correspondente á súa especialidade instrumental, os fragmentos que lle foron indicados polo profesor/a da materia de orquestra/banda.

Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte seran os seguintes: técnica instrumental; afinación, sonoridade e dinámica; repentización e lectura, corrección rítmica, articulación e fraseo.

O valor desta proba será dun **50%** sobre a nota final.

6.1.5. Recursos didácticos

Ver anexos (punto 9.3 desta programación didáctica).

7 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

O seguimento e avaliación das programacións será rexistrado por cada docente e tratado nas reunións periódicas do departamento, quedando constancia na acta daquelas desviacións e modificacións acordadas. Estes aspectos, así coma calquer outra idea ou proposta de mellora será incluída na memoria final do departamento, xa que servirán de base para a elaboración da programación didáctica do vindeiro curso.

Por outra banda, a misión da Comisión de Coordinación Pedagóxica será a de garantir que as programacións didácticas dos distintos departamentos presenten coherencia secuencial entre todas elas, e indicar, se é o caso, as modificacións pertinentes que deberán ser realizadas polos departamentos.

Dende o Departamento de Conxunto para avaliar a nosa programación didáctica teremos en conta os seguintes aspectos:

- **Obxectivos:** adecuación ás necesidades específicas do alumnado e do Proxecto Educativo do Centro
- **Contidos:** validez na súa elección con respecto aos obxectivos plantexados e adecuación ao nivel do alumnado
- **Actividades:** atención á diversidade das capacidades e adecuación aos intereses do alumnado e aos seus ritmos de aprendizaxe
- **Criterios metodolóxicos:** adecuación e coherencia dos mesmos
- **Os medios e recursos:** avaliación dos criterios para a elección dos medios e recursos didácticos e a súa adecuación aos obxectivos propostos.
- **A avaliación:** idoneidade e a adecuación entre criterios de avaliación, técnicas e procedementos; entre os criterios de avaliación, contidos e obxectivos; e correlación entre os criterios de avaliación, os mínimos exixibles e os criterios de cualificación.
- **Alumnado:** relación co alumnado, ademais do clima de convivencia e traballo.

8 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

A Materia de Conxunto está abscrita ao Departamento de Conxunto, polo que os profesores que imparten a materia participaran na avaliación deste departamento.

Será misión do profesorado realizar a análise dos datos que obteña trala avaliación do alumnado e da programación didáctica para realizar as diferentes adaptacións ou adecuacións das estratexias metodolóxicas co fin de mellorar os resultados acadados. Na memoria final do Departamento de Conxunto farase constar todos os aspectos ou acordos relevantes a este respecto, e a ter en conta de cara ao curso seguinte.

Neste proceso tamén se terá en conta análise das enquisas de satisfacción do alumnado, así coma posibles aportacións que surxiran nas reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica, oudo resto do profesorado do centro.

Amáis, nas reunións do departamento trataranse outros aspectos como os recursos materiais e persoais dos que dispón o propio departamento ou o centro para ofrecer unha ensinanza de calidade, trasladando á Comisión de Coordinación Pedagóxica todo aquilo que se estime oportuno.

9 ANEXOS

9.1. Probas de acceso 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de grao profesional

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e do xustificante da matrícula, así como das partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal

A realización da proba de acceso constará de dúas partes:

- a) **Proba de lectura a primeira vista** de pezas ou fragmentos correspondentes ao nivel técnico do curso.
- b) **Proba de Interpretación:** Das obras publicadas na web do centro no apartado “probas de acceso a outros cursos”, o alumnado descargará as particellas correspondentes á súa especialidade instrumental e curso polo que aspira e interpretará os fragmentos que lle indique o tribunal examinador.

Contidos

Os contidos serán os mesmos que os indicados nesta programación correspondentes ao curso inmediatamente anterior ao que se pretende acceder.

Criterios de avaliación e cualificación

Os criterios de avaliación serán os mesmos que os indicados nesta programación correspondentes ao curso inmediatamente anterior ao que se pretende acceder.

Criterios de avaliación e cualificación

Os criterios para cualificar esta proba serán os seguintes:

- 1) **Proba de lectura a primeira vista:** Lectura correcta e fluída das notas da partitura. Afinación estable e equilibrada durante la lectura. Exactitude na interpretación do ritmo, tempo, dinámica, e artuculación adecuada.

O valor desta proba será dun **30%** sobre a nota final.

- 2) **Proba de Interpretación:** Interpretación correcta das notas, afinación, ritmo e tempo. Control da sonoridade e das indicación de dinámica e agóxica tanto a nivel individual coma dentro da agrupación. Interpretación acorde co estilo propio da época e características adecuadas (articulación, fraseo, vibrato, etc..)

O valor desta proba será dun **70%** sobre a nota final.

9.2. Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honor e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza, o premio fin de grao concederáase ao alumnado que cumpla os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin. Os criterios valorativos para a obtención do premio fin de grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades, pódense consultar no centro ou na súa páxina web.

9.3. Repertorio orientativo

Banda Xuvenil

- Banda Sucre, Marcha Sinfónica, de G. Orsomando
- Diagram, Suite para Banda, de A. Waigneim
- Ivanhoe, Ben Appermont
- Orfeo en los infiernos, de Offenbach
- Música i poble, de Ferrer Ferrán
- Mar i Bel, de Ferrer Ferrán
- Rivieren Ciclus, A. Malando
- Cordillera de los Andes, de A. Malando
- Charles Chaplin, selección, de Chaplin/Dellange/Willson. Arr. Marcel Peters
- A Manuela, de Antón Alcalde
- Ou calquera outra de nivel e características similares as citadas.

Banda Sinfónica

- Candide, Oberture, de L. Bernstein
- La forza del destino, de G. Verdi
- Jazz suite no 2, de D. Schostakovich
- Goyescas, Intermezzo, de E. Granados
- Locc Ness, Fantasía para Banda, de J. de Meij
- Polifemo, de Andres Valero Castells
- Eugenia López, Pasodoble, de B. Adam Ferrero
- Viva Navarra, Xota

- Suite Vigo, de Reveriano Soutullo
- La primitiva, de Jeff Penders
- Danzas Armenias, de Alfred Reed
- Estrasantico, de Simón Couceiro
- Gallaecia, de José Bugallo Senra
- Tres imaxes de Mudga, de David Fiuza Souto
- Obertura Sinfónica, de James Barnes
- Third Symphony, de James Barnes
- Variacións sobre un tema de Paganini, de James Barnes
- Marea negra, de Antón Alcalde
- Lembranzas do mar, de Antón Alcalde
- Pórtico, de Antón Alcalde
- Ou calquera outra de nivel e características similares as citadas.

Big Band

- The Way you look tonight, de Nelson Riddle

Ou calquera outra de nivel e características similares as citadas.

Orquestra Xuvenil

- NELSON, SHEILA :Tunes for my string orchestra , Boosey and Hawkes. More tunes for my string orchestra, Boosey and Hawkes. Quartet club 1 e 2, Boosey and Hawkes. Christmas Tunes for my String Orchestra
- TONY OSBORNE: Travels in Style. Suite and Light. Bytes and Pieces.
- HUWS JONES, E: Funky, Monkey and Friends. Christmas Round the World. Stringsets. Battles and Brawls. Stringsets
- PAT LEGG: Let's Dance, Let's Dance Again.
- HUWS JONES, E.: Violinists of the Pietá. Strigsets.
- PAMELA WEDWOOD: Jazzing about Suite. (E. Faber Music)
- BARTOK: Ten pieces from the series "for children" (Leggiero Series Editio Musica Budapest)
- CORELLI: Concerti grossi op 6. (Leggiero Series Editio Musica Budapest) GLUCK: Sinfonia en Sol
- TELEMANN: Selección de pezas da Suite Don Quixote
- B. BRITTEN :Welcome Suite (Arr. Osborne).
- K. J .PUNWAR : Adventure Suite. Alfred publishing.
- G. BIZET Suite from Carmen (String Ensemble) Faber edition.
- DAY: Tango misterioso
- NEWBOLD: Calypso Sea 1. Trad/ Bob Philips: Christmas Bells for Smart Phone or Tablet (Belwin string series).

- R. MEYER: Ludwig's Tango. Alfred Music. String Explorer series. Conductor score and parts. Who is Who?. An Introduction to the string Orchestra(Alfred Music). Rosing Eating Zombies from Outer Space for string orchestra (Alf. Mus.)
- MAHLER/ PFeil: Symphony no 1, 3rd movement theme for string orchestra (Belwing)
- Pezas da Serie Leggiero Series Editio Musica Budapest para orquestra de corda de nivel intermedio.
- Ou calquera outra de nivel e características similares as citadas.

Orquestra Sinfónica

- Beethoven: Overturas Coriolano e Egmont
- Beethoven: Sinfonías
- Berlioz: Marcha Húngara
- Bizet: Carmen, Suite #2
- Bizet: L'Arlesienne Suite 1 e 2
- Bizet: Sinfonía no 1
- Corelli: Concertos Grossos, Op. 6
- Dvorak: Danzas Eslavas
- Elgar: Variaciones Enigma
- Faure: Pavana, Op. 50
- Faure: Pelleas y Melisande, Op. 80
- Grieg: Peer Gynt Suite No. 1 e 2
- Haydn: Sinfonías
- Mascagni: Intermezzo da Cavalleria Rusticana
- Mendelssohn: Sinfonías 1 e 5
- Mozart: Overturas de Don Giovanni, da Fruta Mágica e das Bodas de Fígaro
- Mozart: Sinfonías
- Offenbach: Overtura da Bela Helena
- R-Korsakov: Capriccio Espagnol, Op. 34
- R-Korsakov: Overtura da Pascua Rusa, Op. 36
- Rossini: Overturas da Italiana en Alxer, do Barbeiro de Sevilla e do Señor Bruschino.
- Saint-Saens: Bacanal de "Samson e Dalilah"
- Schubert: Sinfonías
- Sibelius: Finlandia
- Smetana: Tres danzas da Novia Vendida
- Strauss, Jr.: Danubio azul, Op. 314
- Tschaikowsky Symphonies 4 y 5
- Tschaikowsky: Marcha Slava, Op. 31
- Verdi: Overtura de Nabucco
- Wagner: Lohengrin: Introducción ao Act III



- Ou calquera outra de nivel e características similares as citadas.

9.4. Rúbricas de avaliación

1º AVALAICIÓN (20%)	2º AVALAICIÓN (30%)	3º AVALAICIÓN (50%)	AVALIACIÓN FINAL	
			NOTA:	

RÚBRICA DE AVALIACIÓN TRIMESTRAL ORQUESTRA/BANDA

	INSUFICIENTE 0	MELLORABLE 1	BASICA 2	MEDIA 3	AVANZADA 4	EXCELENTE 5
A	Non é capaz de adaptarse á sección ou presenta moitas dificultades	Presenta bastantes dificultades para adaptarse á afinación y sonoridade da sección.	En ocasións presenta dificultade para pode adaptarse á sonoridade, afinación e/ou articulación da súa sección.	É capaz de integrarse sen dificultade á sonoridade, afinación e/ou articulación da súa sección. As veces necesita de indicacións.	Adáptase correctamente á sonoridade, afinación e articulación da súa sección. Reacciona rápidamente as indicacións de corrección.	Adáptase perfectamente á sonoridade, afinación e articulación da súa sección. Lidera nos momentos de protagonismo.
B	Ten bastante dificultade para adaptarse á agrupación. Ten dificultade para integrarse na escoita rítmica e harmónica da agrupación	Ten dificultades para adaptarse. Aparece pouco control rítmico e/ou harmónico na execución en conxunto.	Necesita de indicacións para corrixir as dificultades rítmicas e/ou harmónicas na execución en conxunto.	Mostra capacidade para resolver as correccións rítmica e/ou harmónicas na execución en conxunto.	Ten capacidade e autonomía para resolver as correccións rítmica e/ou harmónicas na execución en conxunto.	Mostra control e seguridade nos momentos de protagonismo para adaptarse perfectamente á sonoridade, afinación e articulación da agrupación.
C	Presenta moitas dificultades de nivel e dominio técnico do propio instrumento	Aprecianse problemas de lectura e dificultades técnicas para seguir a partitura.	Dominio técnico adecuado e lectura da partitura sen dificultade. Traballo semanal pouco progresivo ou inestable.	Dominio técnico adecuado e lectura correcta da partitura . Traballo semanal progresivo adecuado.	Evolución progresiva e visible do estudo e do nivel técnico nos ensaios.	Aprecíase unha excelente progresión no estudo e no nivel técnico en cada sesión de ensaio.
D	Non entende nin é capaz de reaccionar as indicacións de dinámica e agóxica do director/a.	Cofece as indicacións de dinámica e agóxica do director/a pero ten dificultades para reaccionar ás indicacións.	Amosa control durante a interpretación e respón as indicacións de dinámica e agóxica do director/a.	Interpreta con seguridade e respón as indicacións e correccións do director/a durante a interpretación.	Interpreta con precisión rítmica e afinación. Respón favorablemente as indicacións e correccións do director/a durante a interpretación.	Interpreta con precisión e soltura e lidera nos momentos necesarios. Mostrase sempre atento e respón as indicacións con precisión durante a interpretación.

RÚBRICA DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE ORQUESTRA/BANDA				DATA AVALIACIÓN:			
NOME ALUMNO/A:				CURSO:			
AGRUPACIÓN:				ESPECIALIDADE:			
PROFESOR/A:				PUNTUACIONES			
PROBA DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS (20%)	NON O FIXO	TEN QUE MELLORAR	MOI BÁSICO	CORRECTO	BEN	MOI BEN	
Presentación escrita, exposición oral ou audición comentada dalguna das obras do repertorio propostos durante o curso. Presentación correcta e exposición clara (5%)	0	0,1	0,2	0,3	0,4	0,5	
Calidade dos contidos teóricos do traballo ou exposición presentada. Título da obra, compositor, análise da época, estilo e criterios básicos para a súa interpretación, etc.. (15%)	0	0,25	0,5	0,75	1	1,50	
PROBA DE INTERPRETACIÓN INDIVIDUAL (30%)	NON O FIXO	TEN QUE MELLORAR	MOI BÁSICO	CORRECTO	BEN	MOI BEN	
Lectura a primeira vista dunha peza ou fragmento adecuado ao nivel técnico de curso (10%)	0	0,15	0,3	0,5	0,75	1	
Interpretación da parte individual cunha correcta afinación, ritmo estable, seguindo as indicacións de dinámica e agónica (10%).	0	0,15	0,3	0,5	0,75	1	
Amosar na interpretación individual un criterio estético e estilístico da obra en canto a articulación, ataques e sonoridade (10%).	0	0,15	0,3	0,5	0,75	1	
PROBA DE INTERPRETACIÓN EN GRUPO (50%)	NON O FIXO	TEN QUE MELLORAR	MOI BÁSICO	CORRECTO	BEN	MOI BEN	
Adaptación ao grupo en canto a afinación, equilibrio sonoro do conxunto, axuste rítmico e articulación. (20%)	0	0,25	0,5	1	1,50	2	
Domínio da xestualidade durante a interpretación. Capacidade de reacción e axuste ao grupo durante a interpretación (15%).	0	0,25	0,5	0,75	1	1,50	
Apreciase na interpretación un coñecemento dos criterios propios do estilo e da época da obra, (articulación, fraseo, vibrato...) (15%)	0	0,25	0,5	0,75	1	1,50	
						NOTA FINAL	

Rúbrica para o alumnado que suspende alguna avaliación ou desexa facer ampliación.

RÚBRICA PARA PROBA EXTRAORDINARIA DE ORQUESTRA/BANDA				DATA AVALIACIÓN:			
NOME ALUMNO/A:				CURSO:			
AGRUPACIÓN:				ESPECIALIDADE:			
PROFESOR/A:				PUNTUACIONES			
PROBA DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS (20%)	NON O FIXO	TEN QUE MELLORAR	MOI BÁSICO	CORRECTO	BEN	MOI BEN	
Presentación escrita, exposición oral ou audición comentada dalguna das obras do repertorio propostos durante o curso. Presentación correcta e exposición clara (5%)	0	0,1	0,2	0,3	0,4	0,5	
Calidade dos contidos teóricos do traballo ou exposición presentada. Título da obra, compositor, análise da época, estilo e criterios básicos para a súa interpretación, etc.. (15%)	0	0,25	0,5	0,75	1	1,50	
PROBA DE LECTURA A PRIMEIRA VISTA (30%)	NON O FIXO	TEN QUE MELLORAR	MOI BÁSICO	CORRECTO	BEN	MOI BEN	
Lectura fluida e correcta das notas da partitura (10%)	0	0,15	0,3	0,5	0,75	1	
Afinación estable e equilibrada durante a lectura das notas. (10%)	0	0,15	0,3	0,5	0,75	1	
Pulso, ritmo e articulación (10%)	0	0,15	0,3	0,5	0,75	1	
PROBA DE INTERPRETACIÓN (50%)	NON O FIXO	TEN QUE MELLORAR	MOI BÁSICO	CORRECTO	BEN	MOI BEN	
Interpreta a partitura cunha correcta afinación e cun tempo e ritmo estable. (20%)	0	0,25	0,5	1	1,50	2	
Amosa un control da sonoridade e respeta as indicacións de dinámica e agónica. (15%)	0	0,25	0,5	0,75	1	1,50	
Amosa na interpretación un coñecemento dos criterios propios do estilo e da época da obra, (articulación, fraseo, vibrato...) (15%)	0	0,25	0,5	0,75	1	1,50	
						NOTA FINAL	

Rúbrica para o alumnado que suspede o curso

RÚBRICA PARA PROBA DE ACCESO DE ORQUESTRA/BANDA				DATA AVALIACIÓN:			
NOME ALUMNO/A:				CURSO:			
AGRUPACIÓN:				ESPECIALIDADE:			
PROFESOR/A:				PUNTUACIÓNS			
PROBA DE LECTURA A PRIMEIRA VISTA (30%)	NON O FIXO	TEN QUE MELLORAR	MOI BÁSICO	CORRECTO	BEN	MOI BEN	
Lectura correcta e fluida das notas da partitura (10%)	0	0,15	0,3	0,5	0,75	1	
Afinación estable e equilibrada durante a lectura das notas. (10%)	0	0,15	0,3	0,5	0,75	1	
Exactitude do ritmo. Dinámica e articulación adecuada (10%)	0	0,15	0,3	0,5	0,75	1	
					NOTA		
PROBA DE INTERPRETACIÓN (70%)	NON O FIXO	TEN QUE MELLORAR	MOI BÁSICO	CORRECTO	BEN	MOI BEN	
Interpreta a parte individual cunha correcta afinación e articulación, ritmo estable e respeta as indicacións de dinámica e agónica (25%).	0	0,5	1	1,5	2	2,5	
Na interpretación en grupo apréciase unificación entre os compoñentes en canto a equilibrio sonoro, fraseo, axuste rítmico, afinación, articulación, ataques, etc... (25%)	0	0,5	1	1,5	2	2,5	
Mostra un dominio da xestualidade durante a interpretación e capacidade de reacción e axuste ao grupo durante a interpretación (10%).	0	0,15	0,3	0,5	0,75	1	
Apreciase na interpretación un coñecemento dos criterios propios do estilo e da época da obra, (articulación, fraseo, vibrato...) (10%)	0	0,15	0,3	0,5	0,75	1	
					NOTA		
					NOTA FINAL		

RÚBRICA AVALIACIÓN TRIMESTRAL DO CONTROL DE AULA

BANDA SINFÓNICA

ALUMNO/A

ESPECIALIDADE

CURSO

PROBA DE INTERPRETACIÓN INDIVIDUAL OU GRUPAL

Non é capaz de interpretar o repertorio	Presenta moitas dificultades na interpretación do repertorio. Afinación incorrecta, erros rítmicos, pulso inestable e sonoridade incorrecta. Non é capaz de realizar as indicacións de dinámica e agóxica.	Soamente interpreta algúns fragmentos con corrección. Afinación moi pouco precisa, pulso inestable e sonoridade incorrecta. Non é capaz de realizar as indicacións de dinámica e agóxica.	Interpreta algúns fragmentos con corrección. Afinación incorrecta en varios momentos, pulso pouco estable e sonoridade adecuada. Por veces realiza as indicacións de dinámica e agóxica.	Interpreta cunha afinación non moi precisa, pulso pouco estable e sonoridade adecuada. Por veces realiza as indicacións de dinámica e agóxica.
1	2	3	4	5
É capaz de interpretar cunha boa afinación, ritmo estable e sonoridade adecuada, é capaz de seguir algunha indicación de dinámica e de agóxica	É capaz de interpretar cunha moi boa afinación, ritmo estable e sonoridade moi adecuada, é capaz de seguir a maioría das indicacións de dinámica e de agóxica	É capaz de interpretar cunha afinación exacta, ritmo moi estable e sonoridade moi adecuada, é capaz de seguir das indicacións de dinámica e de agóxica	É capaz de interpretar cunha afinación perfecta, ritmo exacto e sonoridade moi equilibrada, é capaz de seguir as indicacións con soltura de dinámica e de agóxica. Lidera algo	É capaz de interpretar cunha afinación perfecta excelente, ritmo perfecto e sonoridade totalmente equilibrado, é capaz de seguir todas as indicacións con soltura de dinámica e de agóxica. Lidera sobradamente.
6	7	8	9	10